

BANDO

D^a. María Montserrat Mulet Sar, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Paradela (Lugo).

INFORMA:

Que, co fin de dar solución ao problema que existe actualmente en cada un dos nosos domicilios ao desfacerse de obxectos que non son considerados residuos domésticos, e como consecuencia, non poden ser depositados nos contedores de lixo habilitados, nin poden ser recollidos polo camiión habitual; o Concello decide establecer gratuitamente, a recollida de útiles como colchóns, neveiras, lavadoras, televisores, etc.

Os obxectos deberán ser depositados nas inmediacións do contedor de uso habitual, o día 19 de agosto de 2026.

As persoas que queiran depositar os obxectos deberán comunicalo previamente ao Concello, chamando ó teléfono 982 541 101 ou dirixíndose ás oficinas municipais, e deberán indicar o tipo de residuo que van a depositar.

Solicito a colaboración de todos, no sentido de que o lixo doméstico se coloque dentro dos contedores en bolsas pechadas, e pido que non se deposite ningún outro obxecto que non estea permitido, como ferros, garrafas de plástico, baldosas, azulexos e pezas de baño, como se fixo nalgunha ocasión.

Polo ben xeral, as botellas de cristal deben separarse e depositalas no contedor específico máis próximo.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Paradela na data da sinatura electrónica á marxe.
A Alcaldesa-Presidenta

